

ARTE

Borrajo: xogos xeométricos de luz en Compostela

¡ O humorista ourensán expón as súas pinturas na Galería Paloma Pintos de Compostela ¡ Na mostra 'Planos y contrapuntos' bebe da doutrina de Kandinsky

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Na terra de onde procede Moncho Borrajo (Baños de Molgas, Ourense, 1949) e por extensión Galicia, coñecemos máis na súa faceta de humorista que na de pintor. Verdaderamente foron poucas as exposicións organizadas nestas lindes.

Non por poucas deixaron de ser significativas, como a súa presenza o ano pasado no Centro de Arte Atlántica, da Coruña, moi na liña da presente mostra, que se exhibe por primeira vez na capital de Galicia e situada na coñecida galería Paloma Pintos, en pleno corazón da zona vella. Cita obrigada ata o próximo día 21 de febreiro.

A Moncho Borrajo as dotes de debuxante véñenlle dunha mocidade marcada por excelentes cualificacións nesta materia, motivo suficiente para se decantar na súa época universitaria pola carreira de arquitectura.

Estudios que non chega a acabar, pero si os de Belas Artes en Valencia.

Naquel litoral mediterráneo despregará os seus primeiros inicios artísticos, indecisos ó comezo pero decantados despois pola seducción do forte colorido pop e por escenas banais recibidas da marca do 'Equipo Crónica'.

Ese espírito mozo que sempre o acompañou, animó a recoller experiencias e ensaiar novos métodos. Despois de daquelas olladas que supuñan un reto no seu traballo, olladas fixas que parecían observar todo. Sendo a arquitectura a base inicial dos seus estudos, non é estraño que fagan mella no artista o cubismo de Juan Gris ou os planos constructivistas nos que desemboca o seu actual labor pictórico.

A exposición que presenta en Compostela baixo o título de 'Planos y contrapuntos' bebe na doutrina de Kandinsky, sinteti-



O artista ourensán Moncho Borrajo posa coas súas obras na Galería Paloma Pintos

zada no libro *Punto e liña sobre o plano*, e da obra do grande artista británico Ben Nicholson. O ourensán fixo súas ditas fontes aplicándolles un estilo propio e diferenciador.

Paisaxes como as impresionantes ruínas do Machu-Pichu deixaron marca na retina do artista e quedan captados nuns lenzos que se caracterizan por ser totalmente abstractos. Sintetiza un resto arqueolóxico en

Ese espírito mozo animalle a recoller experiencias e ensaiar métodos.

formas puras, totalmente liberadas do modelo nun intento por plasmar unha realidade máis profunda que a simple aparencia.

A fragilidade dunha cinta

vermella bordeos cortando tanceiramente planos e puntos cadrados, ademais da luz, reta materialidade ou o que sería unha estrutura demasiado compacta.

Como noutras obras, o pincel de Borrajo chorrea unha habilidade fantástica á hora de pasar e atravesar diferentes planos intermedios sen brusquidade, só cortados por raios ou puntos dos que a súa espesura marca a soidade do seu contorno.

Borrajo aplica unha técnica que utiliza o papel como soporte do acrílico, a táboa ou o lenzo nun traballo minucioso pulcro e limpo onde se perciben formas moi elaboradas nas que ás veces se insiren elementos a modo de collages, como o abano despregado simulando un kimono oriental. Outra recolle percedoras follas ou outros recursos, sabiamente colocados, ós que se incorporan trazos nunha especie de caligrafía raspadora do

fondo que a sustenta; enfatiza así o carácter físico da pintura e o seu contido narrativo.

O traballo actual de Moncho Borrajo humanizouse, desprendido do seu anterior barroquismo, facéndose modular e reduccionista, valoradora do silencio ata o punto de embargar ó que contempla a obra nun estado de sosego próximo ó que se respira nos xardíns zen.

Esta arte caracterizada polos tons íntimos e tenros, moi pensado e nada improvisado, é un contrapunto perfecto ó seu traballo no escenario onde impera a improvisación, tendo como fondo un amago de caricaturas en terreo cáustico agresivo e tamén mordaz.

Con esta mestura interesante e contraposta que nos propón nesta mostra, case se pode falar dunha dobre personalidade que evita o cansazo do Moncho Borrajo escenógrafo para espertar ó Ramón intimista.

CINE

'Atrápame se podes': unha historia de estafa e seducción

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



ATRÁPAME SE PODES

Director: Steven Spielberg.
Intérpretes: Leonardo Di Caprio, Tom Hanks, Christopher Walken.

A vida de Frank William Abagnale merece ser contada: un adolescente faise home utilizando tódalas artes da seducción para estafar e vivir vidas simuladas. Dotado dun encanto e unha intelixencia imparables é quen de conquistar, convencer e actuar do que se propoña: aviador, avogado, médico, ladrón, pícaro, home bo. Porque Frank William Abagnale é sobre todo -tal e como aparece na película *Atrápame se podes*, producida e dirixida por Spielberg- un adolescente que por non soportar-lo divorcio dos seus pais intenta modifica-la realidade.

Cun material de vida tan rico, non resulta estraño que Spielberg teza unha película moi entretida. É se á súa solvencia técnica unimos o acerto na elección dos actores (o papel para Leonardo Di Caprio como doce e atractivo pícaro está feito, e Tom Hanks demostra que se desenvolve co que lle poñan diante), entenderemos que a película se vexa cun pracer case hipnótico a pesar da súa longa duración, tal vez innecesaria. Pero se o selo do meigo Spielberg aparece nos decorados, na axilidade narrativa e no dominio das escenas e planos, moito máis no enfoque que lle imprime á importancia da relación familiar na conduta do protagonista. Coñecida é a fixación que o director americano ten coa separación dos seus pais, e a cada paso en máis películas estalle a saír este demo interior. Desde logo neste filme permanece un fio constante: a incapacidade do adolescente para acepta-la separación dos pais e a súa rebelión intelixente para mata-la realidade. Frank William Abagnale matouna falsificando talóns bancarios. Spielberg filmando historias.

A Caixa galega do século XXI

caixanova



SANTIAGO DE COMPOSTELA
CIUDE EUROPEA DA CULTURA DO ANO 2000